

## ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **8 de maio de 2015**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do PP; don Juan Carlos Plaza
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Paz Abreira Sobrado
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas
- Polo Servizo de Contratación; don Xosé Manuel Cao Rei, actuando como Secretario.

### **1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 24 de abril de 2015.**

**2.-** Informe complementario aclaratorio relativo á proposta de gasto da contratación da asistencia técnica para a organización global, deseño e planificación dunha “xornada de intercambio de experiencias e boas prácticas” a realizar o vindeiro 7 de maio de 2015 no Cei-Nodus- Proxecto Lugo emprego activo 2 (código proxecto 112410004), adxuntando o perfil profesional e artístico do Sr. Don Luis Boyano, encargado de presentar a ponencia sobre “Emprego Lúdico”.

### **3.- Propostas para ditame e valoración:**

#### **- De Infraestructuras e medio rural**

- Para a realización do levantamento topográfico en zonas de ponte romana (zona lavadoiro), grada supletoria estadio Anxo Carro, Rúa Garaballa (zona ceip Albeiros), por importe de 1.960,20 euros, a favor de **ESTUDIOS TÉCNICOS TOPYSA, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### **- De Deportes**

- Para a adquisición de 20 balóns de voleibol, por importe de 1.305,59 euros, a favor de **RANKING LA TIENDA DEL DEPORTE, S.L.**
- Para instalación de pista de workout nas costas do Parque Rosalía de Castro, por importe de 22.022 euros, a favor de **ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.**

- Para a celebración de velada de boxeo no polideportivo Municipal da casa do deporte, por importe de 1.815 euros, a favor de **ANCARIA, S.L. e PROMOSPORT PLANAS, S.L.**
- Para mampara acristalada e perfilería de aluminio na pista de tenis cuberta de Frigsa, por importe de 11.998,95 euros, a favor de **SOLUCIÓNS INTELIXENTES PROFESIONAIS, S.L.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

#### - De Benestar Social

- Para arranxos varios no Fogar do Transeúnte, por importe de 21.513,56 euros, a favor de **MOENIA SERVICIOS DE PROMOCIÓN, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Parque Móbil

- Para revisión anual de plataformas aéreas, por importe de 2.352,24 euros, a favor de **TALLERES VELILLA.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Cultura

- Para o aloxamento do pianista Ivo Pogorelich o día 29 de maio, así como reparto de 300 programas e pegada de 1.900 carteis, dentro do XLIII Festival de Música Clásica de Lugo, por importe de 963,55 euros, a favor de **HOTEL MÉNDEZ NÚÑEZ e DE SEGUNDA GALLEGA.**
- Para premios outorgados co motivo do XV certame de pintura rápida ao aire libre Cidade de Lugo, por importe de 5.550 euros.
- Para impresión e maquetación do nº 18 da revista poética municipal Xistral, por importe de 1.438 euros, a favor de **UNICOPIA ARTES GRÁFICAS, S.L. e MARTIÑO CABANA OTERO.**
- Para a impresión do libro "Poemas de barra e silencios", por importe de 1.164,80 euros, a favor de **UNICOPIA ARTES GRÁFICAS.**
- Para a programación do XLIII Festival de Música Clásica Cidade de Lugo Semana de Música do Corpus, por importe de 82.174 euros, a favor de **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE LUGO, ADELA SÁNCHEZ PRODUCCIONES, S.L., SAMUEL DIZ SIERPES, AC ORQUESTA GAOS, GALEMÚSICA, S.L., MUSIÉPOCA PRODUCCIONES, S.L.U., NURIA SUÁREZ GARCÍA, HOTEL MÉNDEZ NÚÑEZ, GRUPO VOCAL SOLO VOCES, CONSORCIO DE SANTIAGO, VACALINE, S.L., MERETXU, S.L.,**

**ASA-SON, S.L.U., MIGUEL BRUZÓN, OTROM, S.L., ASOCIACIÓN SFORZANDO e DIÓCESIS DE LUGO.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

**- De Benestar Social e Igualdade (Casa da Muller)**

- Para a adquisición de mobiliario de oficina, por importe de 909,48 euros, a favor de **PRELO, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

**- De Seguridade (Bombeiros)**

- Para a adquisición de 12 extintores para repoñer os xa caducados, por importe de 648,56 euros, a favor de **EXTINTORES IGLESIAS, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

**- De Espazo Lab**

- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de hábitos laborais da acción formativa *operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas do proxecto* Lugo emprego activo 2 (datas: 25,26 e 27 de maio 2015), por importe de 375 euros, a favor de **ISABEL REJES CANOURA.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de habilidades sociais da acción formativa *operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas do proxecto* Lugo emprego activo 2 (datas: 20,21 e 22 de maio 2015), por importe de 375 euros, a favor de **ANA MARÍA GONZÁLEZ YÁÑEZ.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de habilidades sociais da acción formativa *operacións básicas de restaurante e bar do proxecto* Lugo emprego activo 2 (datas: 22,25 e 26 de maio de 2015), por importe de 375 euros, a favor de **ELPIDIA PARDO PRIETO.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de hábitos laborais da acción formativa *operacións básicas de restaurante e bar do proxecto* Lugo emprego activo 2 (datas: 27,28 e 29 de maio de 2015), por importe de 375 euros, a favor de **NURIA ISABEL VÁZQUEZ RIVAS.**
- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de habilidades

sociais da acción formativa *coidador de persoas dependentes e enfermas de alzheimer do proxecto Lugo* emprego activo 2 (datas: 2,3 e 4 de xuño de 2015), por importe de 375 euros, a favor de **ANA BELÉN LAMAS ALVARIÑO**.

- Para asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de habilidades sociais da acción formativa *Monitor de Turismo Activo (3ª Edición- 5ª fase)*, do proxecto Lugo emprego activo 2 (datas: 27, 28 e 29 de maio de 2015), por importe de 375 euros, a favor de **ROCÍO GARCÍA PAZOS**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

#### - De Parque Móbil

- Para a adquisición de gasolina, gasoil e derivados, por importe de 12.000 euros. (**PROPOSTA XENÉRICA**).

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Vías e Obras

- Para a subministración de baldosa de formato especial para a conservación e mantemento do polígono de augas Férreas, por importe de 1.161,60 euros, a favor de **ARIAS NADELA**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Medio Ambiente e Axenda 21

- Para a adquisición de asientos especiais para a súa utilización por nenos discapacitados para columpios existentes en 4 áreas de xogo da cidade, por importe de 3.905,88 euros, a favor de **HAGS-SWELEK, S.A.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### - De Informática

- Para a adquisición dunha licenza de windows server Data centre 2012 R2 para dous procesadores, por importe de 5.390,55 euros, a favor de **INFORHOUSE**.
- Para a renovación do mantemento de licenzas de Oracle, por importe de 2.802,09 euros, a favor de **ORACLE**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

#### - De Augas

- Para a retirada e xestión de residuos de fibrocemento procedentes das obras de reparación de avarías da rede de abastecemento de auga, por importe de 10.000 euros, a favor de **PORTOSAR GALICIA, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### 4.- Facturas para ditame

- Dación de conta do decreto número 15003583, de data 5-05-2015, de aprobación de determinadas facturas.
- Dación de conta do decreto número 15003698, de data: 07-05-2015 de aprobación de determinadas facturas.

#### 3.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.